

Concello de Ponteareas

BASES DO CONCURSO INFANTIL 2024

1.- INSCRICIÓN

Poderán participar no concurso infantil de disfraces as/os menores de 12 anos tanto a título individual como colectivo cun máximo de 5 compoñentes. A inscrición realizarase a partir das 16:00 horas no espazo habilitado para tal fin na Praza Maior.

O concurso terá lugar o Luns de entroido, día 12 de febreiro de 2024, a partir das 17:00 hora na Praza Maior e en caso de choiva trasladarase ao Auditorio Municipal Reveriano Soutullo de Ponteareas.

Na inscrición unha persoa responsable ten que asinar unha autorización para participar e para autorizar ao Concello fotografar ou gravar imaxes da/do menor para difundir polas redes sociais.

O número máximo de participantes será de 40.

2.- PREMIOS

As/os participantes deberán esperar ao remate do concurso que se comunicará o resultado do mesmo. Os premios entregaranse ao remate do concurso. As / os premiadas/os deben recoller os premios vestidos co disfraz co que se presentaron, sexa a título individual ou colectivo. En caso contrario, serán descalificados. Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: Un patinete eléctrico infantil
- Segundo premio: Altofalante intelixente máis uns auriculares.
- Terceiro premio: Pulseira dixital
- Cuarto premio: xogo educativo infantil e lote de libros
- Quinto premio: Xogo educativo infantil e lote de libros

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 600 euros, concederanse con cargo ao orzamento municipal do ano 2024.

3.- O XURADO

O xurado estará integrado por persoas relacionadas coa vida cultural, social e artística e valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente



Concello de Ponteareas

aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelábel.

4.- PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios electrónico e na páxina web do Concello. Así mesmo publicárase o resultado das mesmas nos mesmos medios.

5.- DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso infantil supón a aceptación das presentes bases.

(Asinado electronicamente)

